

## Eliminemos a educación pública para obter unha ensinanza plural e libre

Ano tras ano demóstrase que o noso sistema educativo superior é un fracaso situando as universidades galegas en pésimos postos. Aínda que se lle destine máis diñeiro, seguirán sendo incapaces de dar saída laboral aos seus usuarios. Trátase dun sistema ineficiente, que o incremento do orzamento só conseguirá aumentar a pesada carga fiscal, agravando entre outros ás familias de baixos recursos, para manter un servizo que disfruta unha minoría da poboación.

Cal é a razón deste fracaso? Que se trata dun servizo estatal prestado mediante disposicións legais de monopolio absoluto. A ausencia de competencia provoca a despreocupación pola eficiencia, a desvalorización do xuízo dos usuarios e a indiferencia respecto aos custos. O resultado? Centros de simulación onde profesores fan como que ensinan, alumnos como que estudan e directivos como que dirixen.

Actualmente, a oferta educativa universitaria privada da que dispomos é unha ficción orientada a darnos a falsa sensación de liberdade de elección. Aínda que o Estado non monopolice a oferta de estudos, a súa intromisión faise patente na certificación dos títulos ou na concesión de licencias que habiliten para o exercicio das profesións. A regulación enxendra un produto uniforme e homoxéneo onde os contidos, a bibliografía, organización e incluso a duración do período lectivo quedan definidos de maneira arbitraria polo Estado.

A regulación estatal ten como principal consecuencia a limitación da oferta educativa existente. Atopámonos ante unha nova forma de persecución e censura moi sutil, onde se relega ao olvido ou se manipula a historia para adaptarse á conformidade do goberno de turno.

Tan só a liberalización do sector educativo, a través da privatización, pode dar resposta ás necesidades do mercado e dos usuarios, evitando o colapso económico que o economista Ludwing von Mises demostrou mediante a **imposibilidade do calculo económico socialista**. Ao demostrar que un órgano director como o Estado carece da información económica suficiente para igualar a oferta coa demanda, pois o non existir competencia nin prezos de mercado o único ofertante atópase cego rexíndose polas súas necesidades e non polas necesidades da demanda. De feito, o escaso mercado existente, aínda estando fortemente regulado, é o único referente que dispoñe o Estado para a

obtención de prezos para as Universidades públicas. Como consecuencia temos é un servizo máis caro e de menor calidade que o que sería ofertado nun libre mercado.

Por todo isto, a solución ó problema educativo actual consiste en devolver poder á sociedade civil e limitar o poder do Estado. Debemos buscar un sistema educativo baseado na liberdade da ensinanza que dé aos xoves a posibilidade de obter un título que se adapte a diversidade do mercado laboral, e así ofrecerles unha alternativa de futuro distinta á emigración.